



Concello de Mugardos
(A Coruña)

Actividade Convocatoria sesión ordinaria Pleno
Número expediente PLN/2025/016

PLN/2025/16- ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE MUGARDOS O DÍA VINTE E DOUS DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO.

Sendo as trece horas do vinte e dous de outubro do ano dous mil vinte e cinco, en primeira convocatoria, reúnese o Pleno aos efectos de celebrar a sesión ordinaria, baixo a presidencia do Alcalde, D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, contando coa presenza dos seguintes concelleiros/as:

Cadro de asistencia	
Concelleiro/a	Asistencia
Juan Domingo de Deus Fonticoba	Asiste
Jorge Manuel Kuntz Peiteado	Asiste
Ana Varela Bastida	Asiste
Begoña María Gómez Díaz	Asiste
Patricia María Ruiz de Azcárate Casteleiro	Asiste
Evaristo Deus Deus	Asiste
Verónica Fernández Varela	Asiste
Javier Cartelle Cudilleiro	Asiste
Ignacio Fernández Fernández	Asiste
José Ángel Martínez Bardanca	Asiste
Marta Ruiz del Ganso	Asiste
María Dolores González Lorenzo	Asiste
Iván Martínez González	Asiste

Actúa como secretaria a titular do posto de secretaria xeral, Dna. Paula E. Ramos Díaz.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Coa presenza da titular do posto de intervención , Ana María Gómez Peña.

Déixase constancia de que para os efectos do cumprimento do deber de publicidade activa e de conformidade co establecido no artigo 5.3º da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno, a acta reflicte as operacións de disociación de datos de natureza persoais necesarias así como as impostas polo artigo 51 do Real Decreto Lexislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario.

Aberta a sesión pola presidencia, éntrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

1º.- INTERVENCIÓN.- EXPEDIENTE 1769/2023.- DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA DAS FACULTADES DE XESTIÓN, LIQUIDACIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN TRIBUTARIAS.- Elévase á consideración do Pleno os antecedentes que obran no expediente administrativo aberto na ferramenta de administración electrónica Gestiona núm. 1769/2023, previamente elevado á consideración da CIP de Facenda e Patrimonio en sesión ordinaria realizada con data 16 de outubro de 2025, e no que constan informe conxunto emitido pola intervención e tesourería municipal de 13 de outubro de 2025; informe de secretaría de 13 de outubro de 2025 e previo emitido con dat 23 de outubro de 2023, e proposta da concelleira delegada de Facenda e Promoción Económica de 13 de outubro de 2025.

Primeira quenda de intervencións	
Grupo EU	Toma a palabra a portavoz do grupo para motivar o que adianta será o seu voto en contra da proposta de delegación, en base ás seguintes consideracións: - Servizo alonxado da veciñanza. - Estima que a delegación non suporá un aforro e con todo, implica unha subida exasurada da carga tributaria, poñendo por exemplo o IBI. - Non comprenden as dificultades que existían no ano anterior, entre outras incidencias, para por ao día os padróns tributarios que agora xa non existen. - A proposta non é coherente coa previsión de contar con unha persoa empregada máis para reforzar o servizo ao que se suma o convenio de colaboración co concello de Betanzos e coa existencia dunha praza sen cubrir no departamento. - Deixar o sistema actual implicará que a xente que non podía pagar dispoña de menos información para que poda saber de qué





Concello de Mugardos
(A Coruña)

	alternativas dispón.
Grupo PSdG-PSOE	Abre a súa primeira intervención o portavoz do grupo. Manifesta que están de acordo coas razóns esgrimidas polo grupo EU. Este tema xa se tratou en anos anteriores e diferentes Comisións Informativas nas que o seu grupo marcou unha serie de condicións para contar co seu voto a favor que deberían ser previas a adopción de calquera acordo. Condicións conformes cos informes técnicos coma podan ser e entre outras, regularizar os tempos de tramitación e posta ao día dos padróns tributarios; modificar as Ordenanzas fiscais máis alá de incrementar o tipo impositivo; desenvolvemento dunha ordenanza fiscal de terrazas ou habilitar un espazo no concello para a información á veciñanza. Sen que se teñan cumprido dende o ano 2023. Critica a medida que segundo a súa opinión non implicará aforro algún e si merma nos servizos prestados xa que existen tributos e cita entre outros as taxas por actividades culturais e deportivas que seguirán a cobrarse polo concello. Respecto do plan de armonización, considera que en primeiro lugar hai que coñecer as necesidades do concello e despois adoptar as medidas necesarias. E pon por exemplo as adoptadas por outros concellos como Ares que aplicou os seus esforzos para mellorar na recollida selectiva de forma que se poda aminorar o impacto do incremento da taxa de recollida de residuos sólidos.
Grupo BNG	Toma a palabra a portavoz do grupo. Comprenden as preocupacións dos grupos EU e PSdeG-PSOE e as comparten. Máis tendo en conta a mala xestión dos fondos e contas municipais é necesario adoptar medidas para que as cousas funcionen e para elo, estima existen dúas alternativas; licitar novamente o servizo , solución aberta que non asegura un resultado, ou efectuar a delegación na Deputación. Para tal efecto comprometeron ao grupo municipal PP para que compartise a información necesaria coa veciñanza. Esta solución permite gañar estabilidade e seguridade; modernización tecnolóxica





Concello de Mugardos
(A Coruña)

	(citando entre outros, a existencia dunha pasarela de pagos, unha oficina virtual). E rentabilidade, xa que a Deputación coas ganancias obtidas revertirá os ingresos en favor da provincia e do propio concello coma podan ser os POS complementarios. Sinala que se trata dun paso intermedio xa que o seu grupo non renuncia á municipalización do servizo máis para elo é necesario regularizar a situación do concello. Polo que reitera que se trata da mellor solución a curto e longo prazo, estable, segura e con retorno. O seu grupo vota a favor por unha recadación pública, transparente e segura.
--	--

Segunda quenda de intervencións	
Grupo EU	Inicia a segunda quenda de intervencións a portavoz do grupo destacando que o que se recadaba pola oficina actual revertía no concello mentras que a Deputación o fará ou non. En caso de facelo, se necesitará posteriormente unha xestión áxil do POS que permita a execución das obras para que non se perdan. Pecha a súa intervención manifestando que a xestión por terceiros pode levarse a cabo dunha forma eficaz.
Grupo PSdeG-PSOE	Toma a palabra o portavoz do grupo. Lamenta que se perda a prestación dun servizo co que conta o concello dende fai tantos anos. Espera que todo saia ben e que non exista nada que lamentar a curto ou longo prazo. Considera que será un logro do Alcalde como ser o que aproba a subida máis alta de impostos e acumular a maior débeda.
Grupo BNG	A portavoz do grupo municipal resalta que a decisión de votar a favor da delegación na Deputación non é gustosa e si moi reflexionada. Trátase dun compromiso co grupo municipal PP a quen lle corresponde cumprir e aprobar un Plan fiscal; realizar unha campaña de información e contar cun punto de información tributaria. E de separarse do





Concello de Mugardos
(A Coruña)

	mesmo, irán en contra dos intereses da veciñanza.
Grupo PP	Inicia a súa intervención o concelleiro Jorge Manuel Kuntz Peiteado agradecendo a postura do grupo municipal BNG. Lembra que se vota non en contra de partidos políticos e sí en favor da veciñanza. Quere destacar os beneficios que implicará a delegación: - Aproveitar economías de escala. - Aforro nos custes de persoal na selección e formación de persoa que realice, entre outras, labores de inspección tributaria. - Aforro de custes tecnolóxicos. - Aforro de custes na práctica de notificacións e envíos. - Aforro de custes en infraestruturas (posta a disposición de medios físicos). Destaca igualmente que anualmente a empresa de recadación se leva como beneficios 80.000 euros. Importe que era superior antes do cambio de epígrafe no IAE de REGANOSA. Respecto ao incremento tributario, posiciona ao concello en termos similares a concellos lindantes como Ares e Fene dos que partiron para efectuar as propostas. O seu grupo recolle o guante lanzado polo grupo municipal BNG, pechando a súa intervención manifestando que o voto a favor da proposta e o voto a favor da maior eficacia.

Rematado o debate e sometida a proposta a votación ordinaria, acádase ao seguinte resultado:

Grupo municipal	PP (5)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (2)
Sentido do voto	A favor	A favor	En contra	En contra

En función do resultado da votación o Pleno ao abeiro do establecido no artigo 7 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se establece o texto refundido da Lei





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Reguladora das Facendas Locais e artigos 106.3º e 47.2º.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local adopta o seguinte **ACORDO**

Primeiro.- Delegar na Deputación Provincial da Coruña as seguintes competencias:

- 1) Xestión e recadación voluntaria e executiva do Imposto sobre bens inmobles ou do imposto municipal que o complemente ou substitúa no futuro.
- 2) Xestión e recadación voluntaria e executiva do Imposto sobre actividades económicas ou do imposto municipal que o complemente ou substitúa no futuro, así como a facultade para solicitar da Administración Tributaria do Estado a delegación das funcións de xestión censual e inspección e establecer con esta Administración as oportunas fórmulas de colaboración en materia de inspección en relación con este mesmo imposto.
- 3) Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica ou do imposto municipal que o complemente ou substitúa no futuro.
- 4) A facultade para establecer acordos ou convenios coa Administración Tributaria do Estado en materia de colaboración e inspección en relación co Imposto sobre bens inmobles.
- 5) Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva do Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana ou do imposto municipal que o complemente ou substitúa no futuro.
- 6) Recadación voluntaria e executiva das seguintes taxas de notificación colectiva mediante padrón:

-Taxa polo servizo de subministro de auga.

-Taxa polo servizo de recollida do lixo.

-Taxa polo servizo de sumidoiros.

-Taxa pola prestación do servizo de colectores e estacións de bombeo das augas residuais vertidas á rede de saneamento municipal.

-Taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local mediante reservas de vía pública.

-Taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local mediante a entrada e saída de vehículos a través de beirarrúas.

- 7) Recadación voluntaria e executiva dos seguintes ingresos, de carácter non periódico:

-Taxa pola prestación do servizo de contraincendios e salvamentos.

-Multas coercitivas por limpeza de fincas.

-Multas coercitivas por incumprimento de deberes urbanísticos.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

- 8) Recadación executiva de tributos, prezos públicos e calquera outro ingreso de dereito público de cobro non periódico ou por períodos inferiores ao ano.

Este Concello xa tiña delegadas actualmente a instrución dos procedementos sancionadores de tráfico e a súa recadación e a xestión, inspección e recadación da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais con adhesión ás Bases para a prestación de servizos en materia de sancións por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria e da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais aos concellos que non teñan delegada a xestión tributaria e a recadación dos impostos municipais obrigatorios.

Coa entrada en vigor da presente delegación o exercicio de todas as competencias delegadas levarase a cabo segundo o establecido nas Bases para a prestación dos servizos tributarios aos Concellos da provincia e nas Bases para a prestación de servizos en materia de sancións por infracción das normas de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, aprobadas pola Deputación Provincial da Coruña.

O prazo de vixencia da delegación das novas competencias será de 10 anos segundo establecen as ditas Bases con aplicación da data de finalización deste prazo á delegación das competencias xa delegadas.

Segundo.- Publicar este acordo íntegro no Boletín Oficial da Provincia e abrir un prazo de 30 días hábiles a partir da data de publicación, para o xeral coñecemento e presentación de alegacións que serán resoltas polo Pleno do Concello. De non presentarse ningunha, este acordo entenderase automaticamente elevado a definitivo.

Terceiro.- Publicar o texto íntegro do acordo definitivo no Boletín Oficial da Provincia para xeral coñecemento.

Cuarto.- Trasladar este acordo á Diputación provincial de A Coruña, aos efectos de aceptación da delegación.

Non habendo máis asuntos que tratar o Alcalde levantou a sesión sendo as trece horas e vinte e tres minutos, estendéndose a presente acta da que como secretaria dou fe e que conta cun soporte de grabación de video cuxa pegada dixital é: e7d05b8d4616b1d50b7458adf529a9b496d2386ca671f19f1b
e0455826be810154b0c18f94fa5e2e2b1ec4f4f414060a4ae6
26808f9c49b0bd7c61d7920f07b5

E de grabación sonora cuxa pegada dixital é
46356b40d3ed812c1290b0e97f471b9764359bede767402e7c
d1671670bd65bf39b5d28f42640e8d31876d221174d7975b0c
94283867436f1e2cf93d028df24f

Visto e praxe

O Presidente

A secretaria





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Juan Domingo de Deus Fonticoba

Paula E. Ramos Díaz

